

NOTA INFORMATIVA

Revisión metodolóxica das contas das sociedades mercantís en Galicia

Co galo de unificar criterios á hora da asignación das contas a un ano determinado; neste Instituto de Estatística tomamos a decisión de considerar o seguinte:

Os datos que pertencen ao ano “n” son aqueles nos que a data de peche das contas é posterior ao 30 de xuño dese ano “n” e anterior ou igual ao 30 de xuño do ano “n+1”.

Con este cambio ampliamos a cobertura da fonte dos datos e ofrécense ao usuario as series revisadas dende 2009 ata a actualidade.

No proxecto técnico desta operación exponíamos o seguinte

“Ámbito temporal : O ámbito temporal correspóndese co ano natural. A dispoñibilidade da información vai condicionar o desfase entre ano de referencia e ano de difusión, de xeito que as contas económicas do exercicio “n” vanse publicar no ano “n+2.”

Así mesmo, hai que ter en conta que aínda que a tónica xeral é pechar o exercicio contable dun ano “n” a 31 de decembro dese mesmo ano, o prazo legal non remata ata xuño do seguinte ano e ese é o motivo polo que cambiamos o criterio para que o dato amosado se axuste máis ao real que o que viñamos amosando ata agora

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Información enquisas: 900 102 104
FAX: 900 812 899
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>
Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica
Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>